



Concello de Cangas

**Expediente:** 4828/2017

**Procedemento:** PS-17/12 Selección 1 praza auxiliar administrativo funcionario interino con lista de agarda

**Asunto:** Notificación do Decreto núm. 2019-0863

**NOTIFICACIÓN:** Por medio da presente notifícase o Decreto da Alcaldía núm. 2019-0863 de data 10/06/2019 co seguinte contido:

### **“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

*A vista do recurso de Alzada presentado por D<sup>a</sup> María Teresa Gonzalez Otero en data 23 de abril de 2019 contra o acordo do Tribunal de data 1 de abril de 2019.*

*Considerando que recorrente presentou solicitude de suspensión de conformidade co disposto no artigo 117.2 da Lei 39/2015 fundamentándose nunha suposta nulidade de pleno dereito.*

*Visto o artigo 117.3 da devandita Lei 39/2015 que dispón:*

*“La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. En estos casos, no será de aplicación lo establecido en el artículo 21.4 segundo párrafo, de esta Ley.”*

*Considerando que o acto se atopa suspendido automaticamente desde o 23 de maio de 2019.*

*Considerando o disposto no artigo 117.2 da Lei 39/2015 que esixe que polo órgano competente para resolver unha ponderación entre o prexuízo ó interese público e de terceiros e o prexuízo causado a recorrente.*

*A estes efectos compre sinalar que non se poden ver prexudicados os intereses públicos en xogo derivados dun proceso selectivo para atender ás necesidades da corporación nin as expectativas xeradas os terceiros pola presentación dunha solicitude suspensiva pola recorrente pese a lexítima pretensión da mesma (compre sinalar a STSJ Galicia 13-4-99).*

*E por elo polo que,*

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO:** *Levantar a suspensión do acto ditado polo Tribunal de selección de data 1 de abril de 2019 obxecto de recurso polos motivos sinalados anteriormente.*

**SEGUNDO:** *Notificar e publicar a presente Resolución.”*

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

RECURSOS PROCEDENTES: Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

O que se lle traslada aos efectos oportunos

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850